

Bouza Seoane, Maica

Article

O futuro do emprego industrial en Galicia

Atlantic Review of Economics (ARoEc)

Provided in Cooperation with:

Economists Association of A Coruña

Suggested Citation: Bouza Seoane, Maica (2023) : O futuro do emprego industrial en Galicia, Atlantic Review of Economics (ARoEc), ISSN 2174-3835, Colegio de Economistas de A Coruña, A Coruña, Vol. 6, Iss. 1, pp. 1-6

This Version is available at:

<https://hdl.handle.net/10419/312977>

Standard-Nutzungsbedingungen:

Die Dokumente auf EconStor dürfen zu eigenen wissenschaftlichen Zwecken und zum Privatgebrauch gespeichert und kopiert werden.

Sie dürfen die Dokumente nicht für öffentliche oder kommerzielle Zwecke vervielfältigen, öffentlich ausstellen, öffentlich zugänglich machen, vertreiben oder anderweitig nutzen.

Sofern die Verfasser die Dokumente unter Open-Content-Lizenzen (insbesondere CC-Lizenzen) zur Verfügung gestellt haben sollten, gelten abweichend von diesen Nutzungsbedingungen die in der dort genannten Lizenz gewährten Nutzungsrechte.

Terms of use:

Documents in EconStor may be saved and copied for your personal and scholarly purposes.

You are not to copy documents for public or commercial purposes, to exhibit the documents publicly, to make them publicly available on the internet, or to distribute or otherwise use the documents in public.

If the documents have been made available under an Open Content Licence (especially Creative Commons Licences), you may exercise further usage rights as specified in the indicated licence.

O FUTURO DO EMPREGO INDUSTRIAL EN GALICIA

Maica Bouza Seoane. Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

Introdución

Non podemos falar do futuro sen falar antes do presente e, máis aló do que reflicten os diferentes indicadores —malos no 2019 e peores no 2020 pola crise asociada á covid-19—, os problemas da industria en Galicia agraváronse nos últimos anos, afastándoa do obxectivo europeo de alcanzar no 2020 o 20 % do PIB, Galicia queda no 15,9 %.

En conxunto, a industria galega non só non experimentou ningunha mellora substancial nos últimos anos, senón que, de feito, empeorou notablemente nalgúns ámbitos, evidenciando a ausencia de políticas industriais das Administracións central e autonómica.

Resulta especialmente grave a actuación da Administración autonómica, que non usa as súas competencias plenas en materia de política industrial. Cando no Consello Económico e Social de Galicia —representación da pluralidade da sociedade civil galega— acordamos un documento de 50 propostas para relanzar o sector industrial galego, a Xunta non só se puxo de costas e non participou, senón que despois nin sequera levou á práctica as iniciativas que eran da súa competencia.

Como dicíamos, todo isto devén nunha situación crítica da industria galega, cunha realidade diferente en cada sector:

Sectores enerxético e siderúrxico

Son sectores que van moi ligados. Afectados ambos pola transición enerxética, están no aire o seu emprego e mais o dos territorios onde asentan. Neste proceso, o sector siderúrxico, tan dependente do prezo da enerxía, vive unha situación moi crítica pola falta

dunha política enerxética planificada que fai que España teña a enerxía máis cara de Europa, restándolle competitividade ás empresas electrointensivas do noso país.

No caso das empresas siderúrxicas, merece unha mención especial Alcoa, tanto a situación da fábrica da Coruña como a de San Cibrao. En ambos os casos, a multinacional decidiu pechar as dúas plantas de aluminio primario, sen ter en conta as consecuencias sobre os traballadores e traballadoras e as comarcas onde están localizadas. O conflito segue aberto nas dúas fábricas, sen unha solución positiva.

A descarbonización do sistema eléctrico galego leva consigo o peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama. Os convenios de transición xusta (ningún dos dous asinado pola Xunta, outra mostra do seu desleixo pola industria) deben cumprir co seu papel de instrumento de transformación e promover un novo modelo de reindustrialización nas zonas afectadas.

Sector da automoción

Máis alá dos problemas actuais de subministracións, a transición ecolóxica tamén está revolucionando o sector da mobilidade, que acelera o tránsito cara ao vehículo eléctrico.

Esta circunstancia obriga o sector da automoción galego a se adaptar á fabricación destes vehículos e vai supoñer a transformación íntegra de compoñentes, o que terá moitas implicacións negativas no emprego presente e futuro.

O sector naval

O sector naval, tanto público como privado, continúa mergullado nunha crise estrutural que semella non ter fin. No sector privado, unha vez perdido Vulcano, Barreras segue no aire, e no público non se acaba de consolidar un plan de futuro que garanta actividade e emprego.

O sector da moda

Este sector, que parecía ter superada a crise de alcance europeo, causante de importantes procesos de deslocalización fabril en zonas como Ordes, volve estar tocado polo impacto da pandemia e os cambios nos hábitos de consumo.

O sector alimentario

Hai que destacar, por último, o sector agroalimentario. Está nun bo momento, ao ser o que menos sufriu os efectos da pandemia debido ao aumento de produción e consumo dos seus produtos.

En resumo, hoxe a industria galega é mais volátil ca a doutros territorios debido ao gran peso de industrias tradicionais que teñen problemas estruturais e á transición a medio facer. O impacto en termos de emprego e no territorio onde asentan é elevado.

Galicia desindustrialízase sen plan B

Podemos dicir que a industria galega avanza na transición enerxética, pero vai perdendo a súa primeira xeración de industrias cun elevado custo: un proceso de desindustrialización que deixa ao seu paso un ronsel de paro e despoboamento, porque ningún outro sector crea emprego en zonas onde non existe outra alternativa.

Galicia desindustrialízase sen plan B. Sen que ningunha Administración prevese o cambio con antelación abonda para evitar o impacto devastador que a transición enerxética está a causar no tecido produtivo.

Se a transición enerxética é o primeiro fito que determina o futuro do emprego industrial en Galicia, o segundo é a dixitalización.

A análise sectorial do impacto da dixitalización revela que a industria (alimentación, téxtil, madeira, fabricación e automoción), o tratamento de augas, a construción, a venda de vehículos, o comercio por xunto, a hostalería, o transporte e a administración e servizos son os ámbitos máis susceptibles de automatización e dixitalización.

As tecnoloxías dixitais bríndanlle á industria manufactureira respostas ás novas esixencias dos seus clientes en relación cos produtos, os procesos e os modelos de negocio. Isto terá efectos determinantes na cadea de valor, achegando tanto beneficios como ameazas para os que quedan fóra. Ao tempo, xéranse novos actores, novos modelos de negocio e novos empregos con novos modelos de relacións laborais.

Por poñermos un exemplo, no sector do téxtil e da moda a dixitalización causa un efecto dobre: por unha banda, o consumidor vólvese máis esixente e, por outra, as empresas

deben dispoñen de novas tecnoloxías para dar resposta a esa maior esixencia e ser máis competitivas.

A medio prazo, o novo modelo conectado ou dixitalizado non substituirá a fabricación tradicional de pezas estruturais, pero representará un cambio significativo. Á vez que orixina procesos produtivos diferentes, os novos produtos que substitúen os anteriores volven obsoletos os postos de traballo. O resultado neto do proceso tende a unha redución do emprego nos sectores máis intensamente afectados polos cambios e a unha modificación das condicións laborais: mobilidade, tempo de traballo, seguridade e saúde dixital, novos perfís profesionais...

Os novos empregos incorporan novas competencias e habilidades profesionais, eliminando tamén outros de complexidade comparable, o que esixe un esforzo inxente en formación, incluíndo a preparación de traballadores e traballadoras que se incorporen xunto á adecuación e reconversión dos actuais, con efectos directos en todos os niveis do sistema educativo, que deberá fomentar unha cultura favorable aos cambios, estendéndose á formación continuada nas empresas.

E o terceiro dos factores que determina o futuro da industria e dos seus empregos en Galicia é a crise das materias primas. Aínda non temos suficientemente cuantificado o seu impacto, pero de momento afecta de maneira significativa á industria da automoción.

Completar en Galicia ciclos produtivos como os da madeira ou a alimentación daría un forte pulo ao emprego industrial galego. Pero non debemos esquecer que a industria, coma os outros sectores, ten importantes eivas que lastran o seu futuro: o pequeno tamaño das empresas dificulta as súas posibilidades de competir en mercados maiores, o escaso investimento en I+D+i, a falta de formación nos cadros de dirección e xerencia das empresas...

Conclusiones

A nova industria de desenvolvemento sostible (dixitalización, transición enerxética e mobilidade) esixe o compromiso real dos gobernos para facilitar medidas que aseguren investimentos e, sobre todo, esixe diálogo social para definir que industria queremos. A ruptura tecnolóxica que se está producindo no ámbito produtivo ten que ser gobernada.

En materia de transición enerxética, parece evidente que a electricidade é un servizo básico, que forma parte de calquera patrón de consumo e da estrutura de custos esenciais de calquera empresa. No proceso de transición, a reforma do sector eléctrico mantén un carácter de urxencia. A transformación enerxética no noso país sitúase no medio da reconversión industrial máis importante. Correspóndelle ao Estado propiciar uns escenarios de cambio que nos últimos decenios non deu proporcionado e, canda isto, cómpre vontade empresarial para aceptalo.

É preciso recoñecer que existe un problema relacionado cos elementos estruturais do mercado eléctrico. As solucións, ademais de revisar o segmento impositivo, han contar coas empresas. Ante un servizo público esencial como é a subministración eléctrica, resulta determinante que a Administración desempeñe un papel no seu control e desenvolvemento, sobre todo á hora de valorar o seu custo e a súa efectividade.

Tamén se deben considerar aspectos regulatorios, vixiando a competencia, por exemplo, entre comercializadoras no segmento do mercado aberto, onde sería preciso crear unha subministradora pública.

En definitiva, a maiores dunha estrita transparencia sobre os sistemas de tarifación, débese afrontar unha profunda reforma enerxética que garanta un modelo seguro, sustentable, equilibrado e competitivo. Que protexa os consumidores e as empresas das bruscas variacións como as que periodicamente se producen e que procure a adecuación das tarifas á media europea.

Neste marco, a política industrial debe ter un papel clave nas políticas públicas dos gobernos para garantir a competitividade industrial do territorio e a creación de emprego estable e de calidade vinculado á industria, sobre todo nun momento caracterizado polos cambios.

Nesta mudanza de paradigma, desde o punto de vista produtivo, non só hai que transformar e dixitalizar as empresas, senón facer o mesmo no territorio. Porque, se se quere ter unha industria dixitalizada, cómpre un territorio intelixente e dixitalizado, con infraestruturas capaces de acompañar esta revolución tecnolóxica e encaixala no territorio. Neste sentido, as conexións ferroviarias dos portos e as obras do corredor Atlántico son

indispensables, así como a dotación de banda ancha en todo o territorio galego nesta construción de territorios conectados e intelixentes.

A formación é outra das necesidades que reclama este proceso de dixitalización. Toca impulsar unha formación profesional en alternancia e dual real, con estándares de calidade para favorecer a transición escola-traballo e o emprego de calidade. Débense fomentar as vocacións das profesións industriais, especialmente entre as mulleres; a competencia dixital e o emprendemento; así como promover un modelo universitario baseado na excelencia e a internacionalización.

En consecuencia, o futuro do emprego industrial en Galicia pasa por apostar por sectores industriais vinculados ao fomento das enerxías renovables e á economía circular, pero resolvendo primeiro de maneira favorable e socialmente xusta a transición enerxética e dixital e dando respostas aos sectores tradicionais con políticas industriais e sectoriais acordes ás necesidades de Galicia.